

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 3 DE DECEMBRO DE 2020,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Decreto polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario e laboral da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción: "Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2016-2020: MSV no entorno de TCA na estrada AC-552, PQ 2+100 a 3+000", de clave: AC/17/138.06, no Concello de Arteixo.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

- Decreto polo que se declara ben de interese cultural o mosteiro de San Martiño Pinario e delimitase o seu contorno de protección e o da Catedral metropolitana, a igrexa de San Francisco do Val de Deus, o Hospital Real e a súa capela, o Pazo arcebispal de Xelmírez, a Biblioteca Pública Ánxel Casal e as sedes do Museo das Peregrinacións e de Santiago de Compostela.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se aproba a oferta de emprego público para o ano 2020 do persoal sanitario funcionario ao servizo da Comunidade Autónoma incluído no ámbito de aplicación da Lei 17/1989, do 23 de outubro, de creación de escalas do persoal sanitario ao servizo da Comunidade Autónoma.
- Decreto polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a diversas categorías de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde para o ano 2020.

ACORDOS



VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Fundación EOI e o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) para o desenvolvemento da estratexia Industria Conectada 4.0, por un importe total de cincocentos oitenta e sete mil catrocentos euros (587.400€).

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Acordo polo que se aproba a Estratexia Galicia Dixital 2030.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Acordo entre a Xunta de Galicia e a organización sindical Confederación Intersindical Galega (CIG), sobre a prestación de servizos na modalidade de teletraballo na Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e o concello de Rábade, para o financiamento da “redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal do concello de Rábade”, por un importe total de oitenta e cinco mil oitocentos oitenta e un euros con sesenta céntimos (85.881,60 €).

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación do servizo de execución de actuacións ordinarias de conservación e mantemento integral, incluídas actividades adicionais de mellora non estrutural do dominio público hidráulico das bacías da Demarcación Hidrográfica de Galicia, clave: OH.788.422L1, OH.788.422L2, OH.788.422L3, cun orzamento base de licitación de cinco millóns seiscientos vinte e cinco mil douscentos oitenta e cinco euros con vinte e sete céntimos (5.625.285,27 €), e cun valor estimado de once millóns seiscientos vinte e dous mil catrocentos noventa euros con vinte céntimos (11.622.490,20€)+ IVE, expediente anticipado de gasto.
- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia co Concello de Castro de Rei para a execución da obra: “Mellora da rede de abastecemento de auga de Castro de Rei. Fase I. Castro de Rei (Lugo)”, clave OH.227.657, por importe total de seiscientos vinte e oito mil oitenta e seis euros con oitenta e catro céntimos (628.086,84€), tramitado como anticipado de gasto,



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) nun 80%, no marco do programa operativo FEADER Galicia 2014-2020.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se autoriza o Acordo entre as Consellerías de Facenda e Administración Pública e de Política Social coas organizacións sindicais CC.OO e UXT, polo que se aproba a creación dos equipos de intervención rápida con destino nos centros residenciais intervidos para loitar contra a propagación da COVID-19.

CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) para asinar unha addenda dos convenios de colaboración cos Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR), para a aplicación dunha estratexia de desenvolvemento local na medida Leader Galicia 2014-2020, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), no marco do PDR 2014-2020.

INFORMES

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

- Informe sobre as subvencións a entidades locais para actuación de melloras das infraestruturas turísticas no medio rural para o ano 2020.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Informe sobre o sometemento a consulta pública previa a elaboración do anteproxecto de Lei de arquitectura de Galicia.

CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL

- Informe sobre as axudas da Consellería do Medio Rural aos sectores máis afectados pola covid-19.



A OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DA ADMINISTRACIÓN XERAL PARA 2020 INCLÚE 2.567 PRAZAS DE ACCESO LIBRE, UN 66% MÁIS QUE O ANO PASADO

- *O Goberno galego volve esgotar a taxa de reposición que marca o Estado*
- *O maior número de prazas concéntrase no eido social, nas especialidades de xardín de infancia, educadores ou xerocultores*
- *A maiores, inclúense 395 prazas para a promoción interna do persoal funcionario e outras 3.410 prazas para continuar coa funcionarización do persoal laboral fixo*
- *A reserva de prazas de acceso libre para persoas con discapacidade aumenta ata o 13,7%, por riba do 7% que establece a lei*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto de oferta de emprego público (OEP) da Administración Xeral da Xunta para o ano 2020, que esgota a taxa de reposición marcada polo Estado e inclúe 2.567 prazas de acceso libre, un 66% máis que en 2019. Delas, 1.276 son para a estabilización e consolidación do persoal dos servizos sociais integrados no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

Tamén se ofertan 395 prazas para a promoción interna do persoal funcionario, polo que a oferta total na Administración Xeral ascende a 2.962 prazas, un 67% máis que na oferta de emprego público de 2019. A maiores, o decreto inclúe 3.410 prazas para a funcionarización do persoal laboral fixo, que dan continuidade ás máis de 1.400 prazas xa ofertadas nos dous últimos anos.

Este decreto apróbase logo de recibir o voto favorable dos sindicatos CC.OO. e UXT, e será publicado nos vindeiros días no Diario Oficial de Galicia (DOG). Ademais, súmase ás ofertas de emprego nos eidos sanitario e educativo, co que en total, a Xunta de Galicia oferta este ano un total de 7.601 prazas, a cifra máis alta desde hai 12 anos.

O aumento de prazas ofertadas ten a finalidade de garantir a posibilidade de que calquera persoa que cumpra os requisitos poida opositar para traballar na Xunta, garantir o dereito á promoción profesional dos empregados públicos que xa traballan na Administración galega, e continuar co proceso de funcionarización do persoal laboral fixo.

O maior número de prazas de acceso libre concéntrase no eido social, o que permitirá reforzar o persoal que traballa principalmente en centros de política social. O decreto inclúe na escala de axentes técnicos facultativos, 539 prazas para a especialidade de xardín da infancia; na escala de persoal de limpeza e recursos naturais e forestais, 476 prazas para a especialidade de persoal de limpeza e cociña; na escala de técnicos facultativos, 224 prazas para educadores; 173 prazas para a escala de persoal de servizos xerais (PSX); 151 para a escala de xerocultor/a e 25 prazas para a escala de auxiliar de coidadores.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

No ámbito do persoal das consellerías ofértanse prazas no corpo superior A1 (68); no corpo de xestión A2 (58); no corpo administrativo C1 (69); no corpo auxiliar C2 (102) e na agrupación de persoal subalterno, con 60 prazas. Ademais, tamén se inclúen 20 prazas na especialidade de bombeiro/a forestal xefe/a de brigada e 140 na especialidade de bombeiro forestal que serán cubertas por funcionarios para traballar 12 meses, substituíndo prazas de temporais de fixos discontinuos a noves meses.

A todas estas prazas poderá acceder calquera persoa que cumpra os requisitos exixidos nas correspondentes convocatorias, e as probas desenvolveranse a través do sistema de concurso-oposición, garantindo a aplicación dos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade, e respectando a libre concorrència.

Promoción interna e funcionarización

Ás prazas de acceso libre súmanse outras 395 prazas para a promoción interna de persoal funcionario, uns procesos reservados a empregados públicos que xa son funcionarios e que poden acadar un ascenso ou promoción profesional a postos de traballo de maior responsabilidade e retribución.

Finalmente, o decreto inclúe outras 3.410 prazas para continuar co proceso voluntario de funcionarización do persoal laboral fixo pactado no Acordo de concertación para a mellora das condicións do emprego público, e asinado en 2019 cos sindicatos CC.OO. e UGT. Trátase dun proceso moi demandado polo persoal laboral fixo da Xunta ao que se acolleu o 95% do persoal susceptible de funcionarizar.

A diferenza da promoción interna, estas probas non teñen carácter competitivo, senón que permitirán modificar o réxime xurídico do traballador, que pasará de ser empregado laboral fixo a funcionario da Administración.

Máis prazas reservadas para persoas con discapacidade

A reserva de prazas para persoas que acrediten discapacidade nesta oferta de emprego público acada o 13,7% nas prazas de acceso libre, un 3,4% máis que na oferta de 2019. Unha parte delas será para o acceso de persoas con discapacidade intelectual. A reserva é maior do que establece a lexislación, que marca un mínimo do 7% para facilitar o acceso da discapacidade á función pública.

Taxas de reposición

A oferta de emprego público para o ano 2020 podería ser aínda maior se a Administración estatal atendese as peticións reiteradas da Xunta de eliminar as taxas de reposición de efectivos actualmente vixente.

De feito, a Xunta de Galicia solicitou en reiteradas ocasións a eliminación deste mecanismo de limitación das ofertas de emprego público. De feito, só este ano o

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Executivo galego pediu a súa desaparición na Comisión de Coordinación de Emprego Público, na Conferencia Sectorial de Emprego Público, no Consello de Política Fiscal e Financeira (CPFF) e a semana pasada de novo da Comisión de Coordinación do Emprego Público na que Galicia presentou un proposta formal para eliminar a taxa de reposición do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) co obxectivo de garantir a estabilidade laboral no emprego e reducir a temporalidade entre as persoas traballadoras das distintas Administracións.

1. ACCESO LIBRE (2.567 PRAZAS)

Corpo superior (subgrupo A1)	68
Corpo de xestión (subgrupo A2)	58
Corpo administrativo (subgrupo C1)	69
Corpo auxiliar (subgrupo C2)	102
Agrupación profesional de persoal subalterno (grupo AP)	60
Escala de Axentes Técnicos Facultativos (Grupo B)	
Especialidade de xardín de infancia	539
Escala de persoal de limpeza e recursos naturais e forestais (AP)	
Especialidade de persoal de limpeza e cociña	476
Especialidade de persoal de recursos naturais e forestais	8
Escala de técnicos facultativos (subgrupo A2)	
Especialidade de educadores	224
Especialidade de traballo social	41
Especialidade de terapia ocupacional	12
Especialidade de fisioterapia	10
Especialidade de enfermería	9
Escala técnica do servizo de prevención e defensa contra Incendios forestais (grupo B)	20
Escala de persoal de servizos xerais (PSX) (subgrupo C2)	173
Escala de Xerocultor/a (subgrupo C2)	151
Escala auxiliar do servizo de prevenc. e defens. incendios forestais (C2)	
Especialidade de bombeiro forestal	140
Escala de facultativos (subgrupo A1)	52
Escala axentes técnicos en xestión medioambiental (grupo B)	36
Escala de enxeñeiros técnicos (subgrupo A2)	39
Escala de enxeñeiros (subgrupo A1)	28
Escala técnica de mantemento de servizos (subgrupo C1)	25
Escala auxiliar de recursos naturais e forestais (subgrupo C2)	25
Escala auxiliar de coidadores (subgrupo C2)	25
Escala técnica de análises de laboratorio (subgrupo C1)	21



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Escala de arquitectos técnicos (subgrupo A2)	16
Escala auxiliar de arquivos, bibliotecas e museos (subgrupo C2)	15
Escala técnica de delineantes (grupo B)	13
Escala de axentes de inspección (subgrupo C1)	12
Escala técnica de recursos naturais e forestais (subgrupo C1)	12
Escala de arqueólogos (subgrupo A1)	10
Escala de ciencias (subgrupo A1)	10
Escala de arquitectos (subgrupo A1)	9
Escala auxiliar de conducción (subgrupo C2)	8
Escala de inspección turística (subgrupo A2)	7
Grupo IV. Categoría 31- Legoeiro/a	6
Escala técnica de cociña (subgrupo C1)	5
Escala de letrados (subgrupo A1)	4
Escala de axudantes de arquivos, bibliotecas e museos (subgrupo A2)	4
Grupo IV. Categoría 11- Auxiliar de laboratorio	3
Escala de inspectoras e inspectores de consumo	2
Escala de facultativos de arquivos, bibliotecas e museos (subgrupo A1)	2
Grupo II- Categoría 005. Profesor-Mestre	2
Grupo III. Categoría 17- Analista de laboratorio	2
Grupo IV- Categoría 9- Oficial 2ª agrario	2
Escala técnica auxiliar de informática (subgrupo C1)	1
Escala de subinspección urbanística (subgrupo A2)	1
Grupo I. Categoría 19- Titulado superior farmacéutico	1
Grupo II. Categoría 7- Titulado grao medio	1
Grupo III. Categoría 6- Especialista de oficios	1
Grupo III. Categoría 4- Gobernante/a servicios domésticos	1
Grupo III. Categoría 7- Técnico/a auxiliar de obras	1
Grupo III. Categoría 63- Oficial/a 1ª condutor/a	1
Grupo III. Categoría 65- Oficial 1ª cociña	1
Grupo III- Categoría 67- Capataz de cuadrilla	1
Grupo IV- Categoría 04- Coidador/a auxiliar	1
Grupo IV. Categoría 39- Auxiliar de autopsias	1

2. PROMOCIÓN INTERNA (395 PRAZAS)

Administración Xeral	393
Administración Especial	2



3. FUNCIONARIZACIÓN PERSOAL LABORAL FIXO (3.410 PRAZAS)

Administración Xeral	1.786
Administración Especial	1.624



O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA AS EXPROPIACIÓNS PARA REFORZAR A SEGURIDADE VIARIA NUN TREITO DE CONCENTRACIÓN DE ACCIDENTES NA ESTRADA AC-552, EN ARTEIXO, CUN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 2 M€

- *O orzamento inclúe o pagamento dos 9 predios necesarios para executar as obras*
- *A Consellería de Infraestruturas procederá ao levantamento de actas previas e á licitación das obras a principios de 2021, cun prazo de execución de 12 meses*
- *Actuarase no treito comprendido entre a rotonda de enlace coa autoestrada AG-55 e a vía de acceso á presa de Meicende, executando dúas glorietas para incrementar a seguridade nos xiros*
- *Construirase unha vía de servizo na marxe dereita, sentido Fisterra, para evitar as incorporacións directas á estrada desde as naves e desde a estación de servizo*
- *Completarase e mellorarase a saída da vía de servizo existente na marxe esquerda, sentido A Coruña, no acceso á glorieta de intersección coa AG-55*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos necesarios para executar as obras de mellora da seguridade viaria no treito de concentración de accidentes da estrada autonómica AC-552, ao seu paso polo concello de Arteixo.

O orzamento estimado polo Goberno galego para este proxecto ascende a máis de 2 millóns de euros, nos que se inclúe o pagamento das expropiacións dos 9 predios necesarios para executar esta actuación.

A intervención enmárcase na estratexia do Goberno galego para a eliminación de treitos de concentración de accidentes na rede viaria autonómica. Os traballos nesta estrada autonómica comprenden o tramo da vía desde o punto quilométrico 2+100, despois da glorieta de enlace coa autoestrada AG-55, ata a vía de acceso á presa de Meicende, no punto quilométrico 3.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade procederá á convocatoria do levantamento de actas previas e á licitación das obras a principios do vindeiro ano. Os traballos teñen un prazo de execución de 12 meses.

A estrada AC-552 ten un tráfico elevado e percorre unha zona industrial, con numerosas naves, unha estación de servizo e canteiras. Para mellorar a seguridade do tramo prevese a execución de dúas glorietas nos puntos quilométricos 2+500 e 2+890, nas que se realizarán os xiros. A segunda glorieta servirá, ademais, para calmar o tráfico en sentido A Coruña, tras o tramo de forte pendente descendente anterior.

O proxecto tamén contempla a execución dunha vía de servizo na marxe dereita, sentido Fisterra, para evitar as incorporacións directas á estrada desde as naves e a estación de servizo existente.




INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Ademais completárase e mellorarase a saída da vía de servizo actualmente existente na marxe esquerda, sentido A Coruña, no acceso á glorieta de intersección coa AG-55.


Os traballos inclúen a sinalización, drenaxe, iluminación e a reposición dos servizos afectados.

Nos seguintes planos amósase o treito no que se levarán a cabo as actuacións de mellora de seguridade viaria.





INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta





A XUNTA DECLARA BEN DE INTERESE CULTURAL O MOSTEIRO DE SAN MARTIÑO PINARIO, O CONXUNTO BARROCO MÁIS VALIOSO DE GALICIA

- *O decreto aprobouse hoxe en Consello da Xunta e entrará en vigor tras a publicación no Diario Oficial de Galicia*
- *Acredita o valor sobranceiro e garante a protección do mosteiro e preto de 200 bens mobles relacionados coas diferentes etapas históricas deste ben*
- *Tamén se delimita o contorno de protección tanto de San Martiño Pinario como doutros monumentos xa declarados nas súas proximidades que carecían del*
- *A Consellería de Cultura reduciu de dous a un ano o prazo de tramitación BIC no seu compromiso por axilizar ao máximo as xestións*

O Consello da Xunta vén de dar luz verde ao decreto polo que se declara Ben de Interese Cultural (BIC) coa categoría de monumento o Mosteiro de San Martiño Pinario, o conxunto barroco máis valioso de Galicia situado en Santiago de Compostela e se inclúen no catálogo de patrimonio cultural de Galicia preto de 200 bens mobles do seu interior. O documento, que entrará en vigor despois da súa publicación no Diario Oficial de Galicia (DOG), culmina o proceso iniciado pola Xunta de Galicia en novembro do ano pasado cando se incoara o expediente e se iniciou a tramitación sen que se presentase ningunha alegación.

O Goberno autonómico realizou o procedemento no prazo total dun ano, do máximo das dúas anualidades previstas pola lei marco autonómica para este tipo de procedementos, polo que se cumpriu co compromiso de axilizar ao máximo a xestión para seguir traballando na protección do patrimonio cultural. O expediente BIC está avalado por un informe previo xustificativo da Universidade de Santiago de Compostela, así como outro da Real Academia Galega de Belas Artes e do Consello de Cultura Galega. Este último emitiu unha serie de recomendacións que se tomaron en consideración para dar unha maior claridade na descrición do ben e dos seus compoñentes.

O decreto de declaración BIC aprobado hoxe, ademais de acreditar o valor sobranceiro e garantir a protección do mosteiro, permite tamén inscribir no catálogo do patrimonio cultural de Galicia unha relación de preto de 200 bens mobles relacionados coas súas diferentes etapas históricas con valor cultural, histórico e artístico.

Patrimonio científico e técnico

Entre estes bens inclúense desde o fondo documental e bibliográfico, os bens relacionados coa Imprenta do Seminario Conciliar Central, incluída a maquinaria dedicada á imprenta, encadernación e librería, a botica, as coleccións que se atopan no

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

mosteiro vinculadas ao patrimonio científico e técnico así como roupa litúrxica dos séculos XVI e XX, entre outras.

Ademais, tamén delimita o contorno de protección tanto de San Martiño Pinario como doutros monumentos xa declarados nas súas proximidades, a Catedral metropolitana, a igrexa de San Francisco do Val de Deus, o Hospital Real e a súa capela, o Pazo arcebispal de Xelmírez, a Biblioteca Pública Ánxel Casal e as sedes do Museo das Peregrinacións e de Santiago de Compostela, que carecían del.

Ben de especial valor

O mosteiro de San Martiño Pinario é un dos conxuntos histórico-artísticos máis impresionantes de España. Constitúe a segunda construción relixiosa meirande na súa tipoloxía só por detrás do gran proxecto de Felipe II, O Escorial. As súas orixes remóntanse aos primeiros anos do século X e están vinculadas ao culto do Apóstolo Santiago, destacando a custodia do Sepulcro entre os seus labores fundamentais. O primeiro elemento arquitectónico edificado no solar de Pinario foi o claustro, cunha comunidade de monxes aínda moi ligada á Igrexa de Santiago da que, paulatinamente se distanciara até chegar a conformar as novas instalacións e unha comunidade diferenciada daquela, para converterse en mosteiro bieito entre 1070 e 1080, baixo o goberno do abade Adulfo.

A partir do século XII o mosteiro viviu unha época de auge que o levou a converterse no máis rico e poderoso de Galicia, con rendas en toda a rexión e uns ingresos cuantiosos. Logo dunha fase de decadencia económica nace o mosteiro moderno de San Martiño, xurdindo da suma das tres abadías medievais estreitamente vinculadas ao culto de Santiago: Pinario, Antealtares e San Pedro de Fóra, consolidando deste xeito unha comunidade bieita, grazas ás encomendas dos Reis Católicos para garantir a atención aos peregrinos. O mosteiro bieito de San Martiño Pinario é un dos centros monásticos máis importantes das comarcas centrais galegas, referente na súa organización social, espiritual, económica, política e cultural ao longo da súa historia, e centro dunha profusa actividade vinculada ao coñecemento que continúa nos nosos días, en especial polo seu labor como Seminario e centro docente.



O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE OFERTARÁ 973 PRAZAS NO ANO 2020 ESGOTANDO A TAXA MÁXIMA DE REPOSICIÓN

- *Esta oferta súmanse ás prazas aprobadas ininterrompidamente por este organismo desde o ano 2012 o que supón, no total do período, 6.909 prazas no Sistema Sanitario Público galego*
- *Os baremos de méritos nas especialidades de medicina, incluírán unha puntuación específica que valore a prestación de servizos en hospitais comarcais ou centros sanitarios máis afastados das urbes*

O Consello da Xunta aprobou esta mañá o Decreto da oferta pública de emprego (OPE) 2020 do Servizo Galego de Saúde cun total de 973 prazas de persoal estatutario. Nesta convocatoria de oferta pública de emprego esgótase a taxa de reposición do 100%, autorizada pola lexislación básica orzamentaria estatal.

Destas 973 prazas, está prevista a convocatoria de 652 para persoal licenciado sanitario, 275 para persoal de diplomado sanitario e 46 prazas para persoal de xestión e servizos. Do total, 49 prazas reservaranse para persoas con discapacidade xeral e 20 con discapacidade intelectual, así como as correspondentes para a súa provisión polo sistema de promoción interna. O sistema selectivo será o de concurso-oposición e respectará os principios de libre concorrencia, igualdade, mérito e capacidade.

Como novidade respecto das ofertas públicas de emprego anteriores, inclúese a previsión expresa de que os baremos de méritos dos procesos selectivos das categorías e especialidades de medicina, deben incluír unha puntuación específica que valore a prestación de servizos en hospitais comarcais ou centros de saúde máis afastados das urbes.

O obxectivo desta OPE é dar resposta ás necesidades asistenciais e organizativas identificadas como prioritarias polo Sergas. Neste senso, presta especial atención aos ámbitos asistenciais cunha maior demanda de efectivos e de necesario reforzo no actual contexto derivado da pandemia pola covid-19, como a medicina de familia, pediatría e medicina de urxencias. Tamén a especialidades tales como medicina intensiva, interna ou pneumoloxía ademais de reforzar o cadro de persoal de enfermería.

As prazas ofertadas este ano súmanse ás aprobadas ininterrompidamente polo Sergas dende 2012, o que supón, no total do período, 6.909 novas prazas no sistema sanitario público. Cómpre subliñar que Galicia continuará insistindo na súa petición ante o Goberno central para que elimine a taxa de reposición, o que permitiría acadar a cifra histórica de 3.500 prazas na OPE para institucións sanitarias.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

A presente oferta pública de emprego súmase a outras medidas adoptadas polo Servizo Galego de Saúde para dar maior estabilidade aos seus profesionais e aprobadas en mesa sectorial. Entre elas destacarían o Plan de estabilidade do emprego e provisión de prazas de persoal estatutario do Sergas, e o nomeamento de continuidade para médicos de familia e pediatras de atención primaria.

Oferta de emprego para persoal sanitario funcionario

Ás 973 prazas ofertadas, engádense outras 12 prazas para persoal funcionario sanitario da escala de Saúde Pública e Administración Sanitaria, esgotándose tamén aquí a taxa máxima de reposición.

Estas prazas corresponden ás clases de inspectores médicos, farmacéuticos e de Saúde Pública, ademais de as de licenciados en Medicina e Cirurxía, Farmacia e Ciencias Biolóxicas.

Esta nova oferta súmase ás aprobadas para este colectivo en decembro de 2018 e no ano 2019. Isto suporá, no total deste período, a incorporación de 82 funcionarios de carreira, o que permitirá a conformación de equipos de traballo máis estables e o reforzo de áreas prioritarias como a Inspección Sanitaria.

Ao igual que para as prazas de persoal estatutario, para os funcionarios o sistema selectivo será tamén o de concurso-oposición e respectará os principios de libre concorrência, igualdade, mérito e capacidade. Neste caso, das 12 prazas, vaise reservar unha para persoas con discapacidade nun grao igual ou superior ao 33%. Así mesmo, reservárase para a súa provisión polo sistema de promoción interna, a porcentaxe establecida na Lei do Emprego Público de Galicia.

Está previsto que a execución do proceso selectivo destas 12 prazas da OPE 2020 de persoal funcionario sanitario da escala de Saúde Pública e Administración Sanitaria, se acumule xunto as de 2018 (61 prazas), 2019 (9 prazas) nunha única convocatoria que se publicará en 2021.



A XUNTA E A FUNDACIÓN EOI IMPULSAN A TRANSFORMACIÓN DIXITAL DE 60 EMPRESAS INDUSTRIAIS GALEGAS

- *A Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, a través do Igape, e a Fundación Escuela de Organización Industrial (EOI) asinan un novo acordo de colaboración que permitirá ás compañías diagnosticar a súa situación actual e avanzar na súa dixitalización*
- *A iniciativa conta cun orzamento de máis de 580.000 euros achegados pola Administración autonómica, a EOI e as empresas beneficiarias*
- *Complementa as medidas activadas pola Xunta para impulsar a dixitalización no marco do Plan de reactivación e dinamización económica*

A Xunta de Galicia e o Goberno do Estado impulsarán a transformación dixital de 60 empresas industriais galegas que poderán diagnosticar a súa situación actual e aplicar un plan para avanzar na súa dixitalización contando con asesoramento especializado. Será mediante un convenio entre a Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, a través do Igape, e a Fundación Escuela de Organización Industrial (EOI), aprobado hoxe polo Consello da Xunta.

Este acordo de colaboración, que dá continuidade á colaboración iniciada en 2017, conta cun orzamento global de 580.000 euros e permitirá afondar na transición dixital do tecido industrial galego, unha das prioridades para a Xunta no actual contexto socioeconómico marcado pola covid-19.

O convenio inclúe dúas aplicacións. Por unha banda, a través do programa Activa 4.0, as 60 empresas participantes –seleccionadas mediante convocatorias abertas– recibirán asesoramento especializado e individualizado co apoio de consultoras expertas e con experiencia probada na posta en marcha de proxectos da Industria 4.0. A maiores, todas as pemes e grandes empresas industriais que o desexen poderán utilizar de xeito gratuíto a aplicación HADA, unha ferramenta de autodiagnóstico dixital avanzado que permite coñecer o seu grao de madurez dixital. A información xerada pola ferramenta será obxecto de análise a efectos informativos e para orientar as futuras accións das administracións públicas no fomento da Industria 4.0.

A renovación do convenio presenta como novidades con respecto a edicións anteriores a redución da achega inicial das empresas e a extensión da duración do acordo, que inclúe dúas convocatorias anuais co obxectivo de mellorar a planificación temporal para que os beneficiarios dispoñan de máis tempo para dispor dos asesoramentos personalizados.

O orzamento será achegado polas administracións autonómica –a través do Igape– e central –a través da EOI–, e en menor medida polas propias empresas beneficiarias.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Así, as pemes contarán cun informe de diagnóstico da súa situación actual en materia de dixitalización, ademais dun plan de transformación que será obxecto de seguimento. Desde a sinatura do primeiro convenio, foron 18 as empresas galegas que avanzaron na súa dixitalización a través deste programa.

Estas iniciativas veñen a reforzar as medidas impulsadas pola Xunta no marco do Plan de reactivación e dinamización económica para apoiar aos sectores económicos máis afectados no novo contexto económico. Tamén facilitan que o tecido produtivo galego poida acometer os procesos de dixitalización máis axeitados que lles permitan reforzar a súa actividade e afondar na súa expansión internacional. A implantación da Industria 4.0 forma parte da folla de ruta para a modernización e a mellora da competitividade das pemes galegas que o Goberno galego vén desenvolvendo nos últimos anos.





A ESTRATEXIA GALICIA DIXITAL 2030 MOBILIZARÁ MÁIS DE 4.000 MILLÓNS DE EUROS PARA IMPULSAR SOLUCIÓNS INTELIXENTES QUE FACILITEN UN DESENVOLVEMENTO SOCIAL, ECONÓMICO E AMBIENTAL SOSTIBLE

- *Constituirá un impacto na riqueza de Galicia de case 3.500 millóns de euros*
- *Afondará na construción de maiores capacidades en Galicia nas tecnoloxías chave para transformación dixital da sociedade nos próximos dez anos como a intelixencia artificial, a ciberseguridade, a intelixencia do dato e o 5G*
- *O seu desenvolvemento irá acompañado dun marco xurídico sustentado na futura Lei de desenvolvemento de Galicia Rexión Intelixente e nun Código ético para o desenvolvemento da transformación dixital*
- *Na súa elaboración participaron institucións públicas, expertos académicos, representantes do hipersector TIC galego e outros axentes económico-sociais*

A Xunta aprobou hoxe a Estratexia Galicia Dixital 2030 (EGD2030) coa que prevé mobilizar máis de 4.000 millóns de euros no desenvolvemento de iniciativas que aproveiten todo o potencial da tecnoloxías dixitais para dar resposta aos retos sociais, económicos e ambientais da nova década e favorecer un desenvolvementos sostible en todas estas vertentes.

Trátase do maior investimento en materia dixital en Galicia, cunha achega pública de máis de 2.450 millóns de euros, entre fondos propios da Xunta de Galicia e os novos instrumentos de financiamento da Unión Europea (Next Generation EU e Marco Financeiro Plurianual 2021 – 2027), que prevé mobilizar máis de 1.600 millóns de euros procedentes da iniciativa privada. Cada euro de investimento público achegará 1,42€ ao PIB de Galicia, o que supón en total un impacto na riqueza de Galicia de case 3.500 millóns de euros.

A EGD2030 é unha estratexia deseñada polo Goberno galego para Galicia como un marco dixital común que facilite a actuación das tres administracións nun mesmo territorio de maneira complementaria, buscando as sinerxías e a suma de esforzos para consolidar a transición dixital da Comunidade. A nova estratexia, aliñada coas prioridades do novo marco europeo, estrutúrase en torno a 7 eixes estratéxicos e un transversal, que determinan as áreas de actuación e 20 programas para acadar os obxectivos marcados en cada eixe.

Goberno e Administración intelixente

O primeiro eixe busca consolidar un goberno dixital, máis eficaz e eficiente a través de catro programas que contemplan, impulsar á automatización e transformación dixital dos servizos públicos, a evolución cara a un modelo intelixente do posto de traballo do empregado público e avanzar na consolidación do expediente xudicial electrónico.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Continuarase avanzando na transformación do modelo relacional das administracións coa sociedade, promovendo máis servizos públicos dixitais, inclusivos, proactivos, personalizados e seguros, máis accesibles e dispoñibles e desde calquera lugar, configurando unha Xunta no móbil, e fixando como meta intermedia para 2025 asegurar que o 70% das persoas e o 85% das microempresas usen a canle dixital coas administracións.

Sociedade Dixital e inclusiva

No segundo eixe, búscase dotar ao conxunto da cidadanía da capacitación dixital necesaria para desenvolverse plenamente con confianza e seguridade no contexto dixital, incluíndo para iso programas que faciliten a adquisición de competencias dixitais á cidadanía para non deixar a ninguén atrás e que potencien a educación innovadora consolidando o uso de tecnoloxías dixitais ao método docente.

Coas accións establecidas espérase que no 2025 o 70% das persoas conten con competencias dixitais básicas, das que cando menos o 50% serán mulleres.

Entorno Dixital para a saúde e o benestar

Neste eixe, promoverase o uso eficiente das tecnoloxías dixitais para mellorar a saúde e a autonomía persoal e reforzar a robustez e sostibilidade dos sistemas e servizos socio sanitarios.

Para iso, establécense dous programas para impulsar unha sanidade máis predictiva e personalizada e para propiciar un novo paradigma de atención socio sanitaria que, facendo uso da innovación tecnolóxica, permita mellorar e calidade do servizo asistencial, facilitar a participación das familias nos coidados e fomentar servizos personalizados e autónomos.

Territorio Intelixente, Verde e Resiliente

Neste eixe a Estratexia contempla catro programas para avanzar cara a un territorio máis sostible, máis verde e conectado, onde se faga un uso eficaz dos recursos naturais. Entre as medidas previstas está a xestión intelixente do territorio a través dun uso intensivo das tecnoloxías que permita mellorar a toma de decisións para o desenvolvemento rexional, tanto na definición das políticas públicas, como da vixilancia territorial e do desenvolvemento das estratexias de sostibilidade ambiental.

Conectividade Dixital do Territorio

No quinto eixe, promoverase unha Galicia máis integrada e conectada a través de dous programas, por unha banda, para impulsar o despregamento de infraestruturas dixitais de altas prestacións que permitan asegurar o acceso a Internet de alta velocidade para todos, e impulsar a conectividade 5G de alto rendemento e, por outro avanzar na transición cara a un sistema intelixente de transporte e mobilidade conectado, sostible

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

e seguro. Como obxectivo no 2025 márcase acadar o 100% de cobertura con redes de máis de 100Mbps.

Cultura e Turismo Intelixente

O sexto eixe céntrase en promover o uso de tecnoloxías para avanzar na dixitalización e conservación do patrimonio cultural galego potenciando a Memoria dixital de Galicia e consolidar o turismo intelixente en Galicia a través de solucións dixitais innovadoras que faciliten a interacción co visitante e incrementen a calidade da súa experiencia.

Economía Dixital

O sétimo eixe busca contribuír a un cambio no modelo produtivo para o que se porá en marcha tres programas orientados a fomentar a transformación dixital do servizo público de emprego de Galicia, a favorecer a transformación dixital das pemes e a transición cara á industria 4.0, e en especial, a mellorar a competitividade do sector de produtores locais, a través da xeración dun ecosistema dixital que aborde toda a cadea de valor da produción, fabricación ou elaboración de produtos galegos.

No horizonte temporal de 2025 buscarase potenciar o comercio electrónico, aumentando a porcentaxe de empresas que venden por Internet do 18,2% a un 50%; e dun 6,1% a un 15% para o caso das microempresas.

Reforzo de capacidades e infraestruturas dixitais estratéxicas

O eixe transversal promoverá a especialización tecnolóxica ao servizo do resto de eixes estratéxicos. Para iso, a Estratexia asume a través de dous programas os desafíos de impulsar a promoción de talento dixital; fortalecer o hipersector TIC, potenciando o emprendemento e a internacionalización; e desenvolver maiores capacidades en torno ás novas tecnoloxías disruptivas como intelixencia artificial, ciberseguridade, intelixencia do dato e 5G, favorecendo a súa adopción polos distintos sectores produtivos.

Fixa como meta para 2025 que o 25% das empresas e o 50% das administracións usen solucións dixitais baseadas en intelixencia artificial, Big Data e/ou ciberseguridade; e que cando menos o 20% das empresas do sector TIC galego contén con especialistas en ciberseguridade, Intelixencia Artificial ou datos.

Cogobernanza e Marco ético

A estratexia establece un marco de gobernanza para asegurar a coordinación inter e intra administrativa e cos diferentes axentes socioeconómicos con dous novos instrumentos, o Consello Asesor para a Transformación Dixital de Galicia, que substitúe ao Consello Asesor de Telecomunicacións e Audiovisual de Galicia, e a Comisión de Cooperación Interadministrativa para o Desenvolvemento Dixital.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Para promover a innovación nun marco fiable e adaptado aos cambios elaborárase a Lei de desenvolvemento de Galicia Rexión Intelixente para facilitar a adopción de tecnoloxías dixitais de alto impacto, tanto no sector público como nos diferentes sectores económicos.

Tamén se deseñará un Código ético para o desenvolvemento da transformación dixital en Galicia como instrumento de referencia que estableza as directrices e recomendacións para un desenvolvemento seguro, responsable e coidando non deixar a ninguén atrás neste proceso.

O proceso de elaboración da EGD2030

Para a definición da Estratexia a Amtega levou a cabo un amplo proceso de participación, tanto dende unha perspectiva interna á propia Administración autonómica como coas achegas doutras institucións públicas, representantes do hipersector TIC galego, axentes económico-sociais e representantes da sociedade civil.



A XUNTA APROBA O ACORDO SOBRE O NOVO RÉXIME DE TELETRABALLO DOS EMPREGADOS PÚBLICOS NA ADMINISTRACIÓN GALEGA

- *Galicia é a primeira comunidade en adaptarse á normativa de reforma do teletraballo aprobada recentemente polo Goberno central*
- *O acordo terá unha vixencia de tres anos e prioriza ás vítimas de violencia de xénero, mulleres embarazadas, persoas con discapacidade ou persoas que precisen conciliar a vida familiar e persoal*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o acordo sobre o novo réxime de teletraballo dos empregados públicos na Administración galega. O acordo, acadado coa Confederación Intersindical Galega (CIG), terá unha vixencia de tres anos, e converte a Galicia na primeira comunidade en adaptarse á normativa de reforma do teletraballo aprobada polo Goberno central no mes de setembro.

A nova normativa ten como obxectivo regular as condicións e o procedemento para autorizar a prestación dos servizos na modalidade do teletraballo ao persoal da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. Considérase teletraballo á modalidade de prestación de servizos a distancia na que o contido competencial e funcional do posto de traballo pode desenvolverse –sempre que as necesidades do servizo o permitan- fóra das dependencias da Administración mediante o uso das tecnoloxías da información e comunicación.

Esta modalidade será voluntaria e reversible tanto para o empregado público que o solicite como para a propia Administración. A autorización terá duración dun ano e prorrogarase automaticamente nas mesmas condicións mentres persistan as circunstancias que deron lugar a esa autorización. En todo caso, as unidades administrativas contarán –con carácter xeral- cunha presenza diaria mínima obrigatoria do 40% dos seus efectivos e a xornada de traballo diaria non poderá fraccionarse para ser prestada nas dúas modalidades (presencial e a distancia).

O teletraballo será compatible con calquera das modalidades horarias –ordinaria, flexible ou especial- permitidas. Os días nos que se desenvolva a modalidade de teletraballo, o horario de referencia para as persoas que o teñan autorizado será, con carácter xeral, o comprendido entre as 9,00h e as 14,30h. Ademais, o acordo recoñece expresamente o dereito á desconexión dixital dos empregados públicos.

Colectivos prioritarios e requisitos

Terán prioridade para acollerse a esta modalidade as vítimas de violencia de xénero, mulleres embarazadas, persoas con discapacidade, maiores de 60 anos, aquelas que teñan necesidade de conciliación da vida familiar e persoal e as persoas que teñan un maior tempo e distancia de desprazamento do domicilio ao lugar de traballo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Por outro lado, para que unha unidade administrativa poida autorizar a prestación de servizos a través da modalidade de teletraballo debe poder implantarse un sistema de xestión do traballo por obxectivos ou un sistema medible de asignación de tarefas.

Ademais, aquel empregado público que solicite traballar a distancia deberá facelo de acordo cun plan individual de teletraballo, no que se recollerán os obxectivos, o calendario, os indicadores para medir o seu grao de cumprimento e os horarios.

Medios tecnolóxicos

Por primeira vez, a Administración proverá aos empregados públicos cos medios técnicos precisos para desempeñar a súa tarefa na modalidade de teletraballo. Así, facilitaráselles un ordenador para o seu uso nas xornadas de traballo; acceso ás aplicacións informáticas da Comunidade e ás do órgano de adscrición do posto; ferramentas ofimáticas; conexión cos sistemas informáticos da Administración autonómica; e os sistemas de sinatura electrónica que garantan a seguridade e privacidade dos traballos a desenvolver.

Esta modalidade a distancia non poderá aplicarse naqueles postos nos que a súa prestación efectiva só quede garantida por completo coa presenza física do empregado público, esixindo deste xeito a prestación de servizos presenciais. Trátase, por exemplo, de empregos en oficinas de rexistro e atención e información á cidadanía; postos técnicos ou administrativos de unidades con atención 24 horas; traballos de persoal condutor e de persoal subalterno; secretarías de altos cargos; postos que desenvolvan a súa xornada laboral fóra das dependencias administrativas ou aquelas ocupacións que impliquen manexo de información e acceso a datos non dixitalizados.



MEDIO AMBIENTE FINANCIARÁ O 100% DO ORZAMENTO NECESARIO PARA REDACTAR O NOVO PLAN XERAL DE RÁBADE

- *O Consello da Xunta autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e o concello lucense, que compromete un orzamento de máis de 85.000 euros*
- *O plan xeral de Rábade foi aprobado en setembro de 2008, pero sete anos despois foi anulado polo Tribunal Supremo*
- *Na actualidade, Rábade réxese por un Plan xeral de ordenación urbana aprobado hai catro décadas*

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda abonará o 100% do custe de redacción do novo plan xeral de ordenación municipal do Concello de Rábade. O Consello da Xunta na súa reunión desta mañá autorizou a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e o Concello de Rábade, que na actualidade se rexe por un Plan xeral de ordenación urbana aprobado en decembro de 1977, é dicir, hai 43 anos.

A reviviscencia desta normativa urbanística vixente débese a que o Plan xeral de ordenación municipal aprobado o 1 de setembro de 2008 quedou anulado pola sentenza do 15 de xullo de 2015 do Tribunal Supremo, que declara de nulo dereito dita orde. A sentenza do Tribunal Supremo establece que a omisión dun informe que a Lei de augas considera preceptivo e vinculante é motivo para fixar que -no procedemento de elaboración do Plan Xeral de Rábade- se infrinxiu un trámite esencial que determina a súa nulidade.

Unhas das principais liñas de acción da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para fomentar que os concellos teñan documentos de planeamento municipal adaptados á lexislación vixente e ás características particulares previstas para o seu desenvolvemento urbanístico é o establecemento de colaboración técnico- financeira, como a aprobada esta mañá polo Consello da Xunta.

Esta colaboración tamén responde ao obxectivo do Goberno galego de acadar que en Galicia non haxa ningún concello sen PXOM, e para o que ten desenvolvido un traballo importante ao longo desta última década. Neste sentido, cómpre lembrar a aprobación da Lei do Solo en 2016 e do regulamento que a desenvolve; a posta en marcha do Plan Básico Autonómico en outubro de 2018 e dos futuros Plans Básicos Municipais para concellos de menos de 5.000 habitantes; ou a nova Lei de ordenación do territorio, que xa iniciou a súa tramitación parlamentaria.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Entre as competencias urbanísticas que ten atribuídas a Xunta, ademais, figura o fomento da redacción dos plans municipais co fin de que os concellos dispoñan de documentos de ordenación do territorio adaptados á lexislación en vigor e ás características particulares previstas para o seu desenvolvemento. Con este fin, convoca ordes para a concesión de axudas a entidades locais para a redacción dos seus plans urbanísticos, polo que nas contas do ano 2021 resérvanse máis de 3,2 millóns de euros para habilitar axudas para a redacción de plans xerais.





O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A LICITACIÓN DOS SERVIZOS DE CONSERVACIÓN DOS TREITOS INTERURBANOS DOS RÍOS DE GALICIA-COSTA POR MÁIS DE 5,6M€, INCREMENTANDO O INVESTIMENTO NUN 70%

- *A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade iniciará nas vindeiras semanas a contratación destas tarefas para os dous próximos anos, con posibilidade de prórroga por 3 máis, elevando o investimento ata os 14M€*
- *Mediante este servizo garántese a continuidade das actuacións periódicas, de carácter preventivo e correctivo nos treitos interurbanos dos ríos da bacía Galicia-Costa*
- *O contrato determina as intervencións de carácter preventivo e correctivo na rede fluvial, co obxectivo de facilitar o libre discorrer das augas e favorecer as condicións naturais e os aspectos medioambientais no contorno dos ríos*
- *Os traballos inclúen a execución de tarefas de conservación fluvial, intervencións singulares de restauración e rehabilitación, así como recompilación de datos e identificación e análise de incidencias no dominio público hidráulico*
- *O Goberno galego segue a traballar na prevención do deterioro e no mantemento e mellora do estado das masas de auga que configuran a conca de Galicia-Costa*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a licitación dos servizos de conservación mellora e mantemento dos treitos interurbanos dos ríos da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa, cun investimento de máis de 5,6 millóns de euros. Isto supón, con respecto o contrato vixente, un incremento dun 69,4%.

O contrato autorizado hoxe polo Goberno galego prevé a licitación destes servizos para os dous vindeiros anos, recollendo o mesmo a posibilidade de ser prorrogado outros 3 anos máis, elevándose neste caso o investimento a máis de 14 millóns de euros.

Mediante este contrato garántese a continuidade das actuacións de conservación da rede fluvial xestionada por Augas de Galicia. A conca Galicia-Costa está composta por 15.000 quilómetros de ríos. Augas de Galicia ocúpase da súa conservación e mantemento en todos os treitos interurbanos, mentres que aproximadamente 270 quilómetros se corresponden con treitos urbanos, de responsabilidade municipal.

Estes traballos comprenden a execución das tarefas periódicas de conservación da rede fluvial das bacías de Galicia Costa, nos ámbitos das tres zonas hidrográficas de competencia autonómico: Galicia-Norte, Galicia-Centro e Galicia-Sur, e nas mesmas inclúense as correspondentes augas costeiras e de transición.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Máis en concreto, a zona hidrográfica de Galicia-Norte abarca as bacías dos ríos intracomunitarios vertentes ao mar Cantábrico, e as das do océano Atlántico ata a bacía do río Grande, esta incluída. A zona Galicia-Centro, que comprende as bacías dos ríos intracomunitarios vertentes ao océano Atlántico, entre a Zona Hidrográfica de Galicia-Norte e ata a bacía do río Ulla, tamén incluída. E a zona de Galicia-Sur, que abarca as bacías dos ríos intracomunitarios vertentes ao océano Atlántico, entre a Zona Hidrográfica de Galicia-Centro e ata a desembocadura do río Miño.

Os traballos obxecto de contratación consistirán, principalmente, na execución das intervencións establecidas previamente no programa anual de actuacións de conservación fluvial deseñado desde Augas de Galicia. En dito contrato, tamén se teñen en conta as actuacións non programadas, que de xeito ocasional deberán ser tamén obxecto deste servizo.

Deste xeito, as tarefas incluirán tanto as actuacións de carácter preventivo como correctivo, que teñen como obxecto principal facilitar o libre discorrer das augas, así como a acadar as condicións naturais dos ecosistemas acuáticos que favorezan os aspectos medioambientais no contorno fluvial, sendo respectuoso en todo momento co contorno.

En xeral, estas actuacións recuperarán o funcionamento natural do leito do río, rehabilitando a sección hidráulica en puntos sensibles, recuperando os procesos hidrolóxicos, aumentando a heteroxeneidade e o seu grado de naturalidade.

Descrición dos traballos

Entra as tarefas obxecto deste contrato se inclúen, en primeiro lugar, as intervencións de conservación fluvial, que abarcan os labores de acondicionamento ambiental do tramo do leito do río afectado ou con incidencias. Aquí actúase na retirada de sedimentos, eliminación de obstáculos do leito do río e das zonas de servidume, atrancos de madeira, cortas e podas de árbores, e demais actuacións precisas.

Como segundo cometido, o contrato inclúe as intervencións singulares, como son: as actuacións de restauración, nas que se atopan as de recuperación de estrutura e funcionamento natural dos leitos; e as de rehabilitación para e recuperación dun estado similar ao natural. Neste apartado inclúense, ademais, a mellora ambiental no entorno dos ríos, así como a adecuación dos tramos fluviaes que puideran resultar necesarios dentro do eido do obxecto do servizo.

O terceiro ámbito de traballo, correspóndese coa recompilación de datos, redacción de informes e comunicacións entre os diferentes actores participantes.

A empresa adxudicataria, de ser preciso, deberá asistir tamén a Augas de Galicia na identificación e análise das posibles incidencias que se poidan dar no Dominio Público



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 2021

galicia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Hidráulico, así como na proposta de solucións a adoptar, asistindo tamén na execución destas actuacións ata o seu remate e seguimento posterior.

Con este tipo de actuacións o Goberno galego actúa na prevención do deterioro e na conservación, mantemento e mellora do estado das masas de auga que configuran a conca de Galicia-Costa.



UNIÃO EUROPEA

FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"



O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A COLABORACIÓN CO CONCELLO DE CASTRO DE REI PARA MELLORAR O ABASTECIMENTO DE AUGA A CASTRO DE RIBEIRAS DE LEA CUN INVESTIMENTO DE 630.000 EUROS

- *O Executivo autonómico dá luz verde á contratación das obras que teñen por obxectivo resolver os problemas que presenta o sistema para cubrir as demandas punta estivais na contorna, desde onde tamén se abastece ao polígono industrial*
- *O Goberno galego financia o 80% do orzamento necesario para este proxecto, correspondendo o 20% restante ao Concello*
- *Trátase da primeira fase das obras, coas que se executarán 2 tramos de tubaxe de abastecemento de polietileno de alta densidade que permitirán conectar coa rede existente nos seus extremos e solucionar as deficiencias de presión*
- *Os traballos completaranse coas obras da segunda fase, que permitirá mellorar a conexión co parque empresarial e o servizo, cun investimento de 355.000 euros*
- *O Executivo autonómico segue a colaborar cos concellos no desenvolvemento das súas competencias municipais de abastecemento e depuración*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a colaboración técnico-financeira da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade co Concello de Castro de Rei para executar a 1ª fase de mellora do sistema de abastecemento de auga ao núcleo de Castro de Ribeiras de Lea, cun investimento de preto de 630.000 euros.

As obras pretenden resolver os problemas que presenta o sistema de abastecemento de Castro de Rei no núcleo de Castro de Ribeiras de Lea, desde onde tamén se abastece ao polígono industrial da zona. Esta rede presenta déficit de presión en distintos puntos durante o período estival e, polo tanto, falta de capacidade para cubrir as demandas nesta época.

A intervención, unha vez aprobada hoxe, poderá ser licitada nas vindeiras semanas. As obras contan cun prazo de execución de 6 meses.

O Goberno galego financia o 80% do orzamento necesario para este proxecto, correspondendo o 20% restante do importe ao Concello. A actuación contará co cofinanciamento do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER).

Para buscar solucións a esa falta de capacidade da rede para cubrir as demandas punta estivais, Augas de Galicia encargou a redacción dos proxectos para a mellora da rede de abastecemento de auga de Castro de Rei, fase I e fase II. Estes proxectos permitiron definir as actuacións máis necesarias a acometer para mellorar a rede de abastecemento de auga de Castro de Rei e o obxectivo e desenvolve-las en dúas etapas.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Nesta primeira etapa, executaranse as solucións definidas na fase I do proxecto, mediante a construción de 2 tramos de tubaxe de abastecemento de polietileno de alta densidade no núcleo de Castro de Ribeiras de Lea e inmediacións do termo municipal. Os tramos de condución proxectados permitirán conectar coa rede existente nos seus extremos, coa fin de solucionar as deficiencias de presión detectadas no sistema de abastecemento na época estival.

Proxéctase tamén a execución de varias arquetas de formigón armado para aloxar as ventosas e desaugues proxectados, así como as conexións coa rede existente.

A segunda etapa das intervencións previstas, correspóndese coa fase II, e ten un orzamento base de licitación de máis de 355.000 euros. Nesta intervención posterior, prevese a execución dun ramal que, partindo das conducións realizadas na Fase 1, melloren a conexión co polígono industrial e o servizo.

O obxectivo destas intervencións é dotar o municipio dun sistema de abastecemento depuración que responda ás necesidades da poboación. Así, o proxecto no seu conxunto dará servizo a preto de 2.600 habitantes desta contorna para o ano 2040.

Estas actuacións enmárcanse na liña de colaboración que vén prestando a Xunta de Galicia aos concellos no desenvolvemento das súas competencias municipais de abastecemento e depuración.

A XUNTA CREARÁ EQUIPOS DE INTERVENCIÓN RÁPIDA PARA ACTUAR COA MÁXIMA VELOCIDADE E ATALLAR O AVANCE DO VIRUS NUNHA RESIDENCIA INTERVIDA

- *Cada provincia contará cun equipo que estará formado por un mínimo de dez auxiliares de enfermería voluntarios*

O Consello da Xunta vén de coñecer a creación de equipos de intervención rápida deseñados para actuar coa máxima velocidade e atallar o avance do virus nunha residencia intervida polo Goberno galego. Trátase dunha nova decisión adoptada dentro da actualización da estratexia de actuación en centros de maiores e persoas con discapacidade para reforzar a capacidade de prevención e detección temperá de gromos.

Estes equipos estarán formados por auxiliares de enfermaría que estean dentro do cadro de persoal da Consellería de Política Social. Haberá, por carácter xeral, un equipo por provincia e cada un deles estará formado por un mínimo de dez profesionais. Unirse a estes equipos de intervención rápida será totalmente voluntario, e os seus membros continuarán traballando no seu posto de orixe ata que sexan reclamados.

O obxectivo desta medida é adaptarse á nova circunstancia xurdida desta pandemia, que fai necesario poñer persoal coa máxima celeridade á disposición das residencias que intervéñ a Xunta. Ademais, esta actualización da estratexia contempla outras medidas que xa foron anunciadas nos pasados días, como que se duplique a frecuencia dos cribados por PCR aos traballadores do 100% das residencias, que pasan de ser quincenais e a semanais.

Así mesmo, puxéronse test de antíxenos á disposición de todas as residencias, realízanse dobres cribados (por PCR e antíxenos) nunha residencia por área sanitaria; fanse estudos serolóxicos en todos os centros; practícase un cribado quincenal por PCR a todos os usuarios das residencias nas que non houbo casos, as chamadas “residencias brancas”; e lévase a cabo unha auditoría intensiva ao longo de 15 días para verificar o cumprimento dos protocolos e das medidas de protección por parte de todas as residencias de Galicia.



A XUNTA REPARTIRÁ 7,3 MILLÓNS DE EUROS ENTRE OS 24 GRUPOS DE DESENVOLVEMENTO RURAL DE GALICIA PARA APOIAR O SEU LABOR ATA O ANO 2022

- *Trátase de que con estas achegas poidan proseguir coa implementación das estratexias no territorio e coa selección de novos proxectos que contribúan a acadar un maior desenvolvemento das áreas rurais, dentro da medida Leader*
- *Estes fondos permitirán darlle cobertura financeira aos GDR para que poidan dispoñer dos medios humanos e materiais necesarios para desempeñar as súas funcións de dinamización territorial*
- *Ademais, con estas aportacións aplícase o Plan de Reactivación implicando estes grupos no impulso de medidas para sectores como o agroalimentario, o gandeiro, o forestal, o turístico, o ambiental ou o do pequeno comercio*

A Xunta repartirá un total de 7,3 millóns de euros entre os 24 grupos de desenvolvemento rural (GDR) de Galicia, co fin de garantir a continuidade da súa actividade durante os anos 2021 e 2022. Trátase de que, grazas a estas achegas, poidan proseguir coa implementación das estratexias nos distintos territorios mediante a selección de novos proxectos que contribúan a acadar un maior grao de desenvolvemento das áreas rurais, dentro da medida Leader.

Ademais, con estas achegas dáse cumprimento ao establecido polo Plan de Reactivación deseñado pola Consellería do Medio Rural no que atinxe ao apoio aos GDR para impulsar medidas para sectores como o agroalimentario, o gandeiro, o forestal, o turístico, o ambiental ou o do pequeno comercio.

O Consello do Goberno galego autorizou hoxe a sinatura das correspondentes addendas aos convenios asinados entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) e os devanditos GDR para formalizar estas achegas.

Así, estes fondos permitirán darlle a necesaria cobertura financeira aos GDR para que, na súa condición de entidades colaboradoras da Administración na aplicación da medida Leader, poidan dispoñer dos medios humanos e materiais necesarios para desempeñar as súas funcións de dinamización territorial.

O reparto destas partidas realizarase entre grupos de xeito proporcional á puntuación acadada no proceso de selección polo que se lles recoñeceu a súa condición de entidades colaboradoras da Administración e polo que se seleccionaron as respectivas estratexias de desenvolvemento rural para o período 2014-2020.

Estratexia participativa



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

A medida Leader busca impulsar o desenvolvemento rural a través dunha estratexia plenamente participativa e baseada nun enfoque “de abaixo a arriba”, de forma que se garanta a participación activa dos principais axentes locais nestas políticas, a través do labor dos GDR. Polo tanto, estes fondos van ter unha repercusión moi positiva sobre o tecido social e económico das zonas rurais de Galicia.

Só no período de execución 2014-2020 o Leader suporá en conxunto un investimento público no rural galego de 1.186 millóns de euros, coa creación de algo máis de 1.000 postos de traballo directos. Destes fondos, 84 millóns de euros corresponden á axuda pública (7,08% do total do investimento público do PDR).





A XUNTA INVESTIU MÁIS DE 3 MILLÓNS DE EUROS NO EMBELECIMENTO E MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS TURÍSTICAS NO MEDIO RURAL

- *As axudas, que se articularon a través da sinatura de convenios con entidades locais, permitiron levar adiante 135 actuacións de embelecemento de recursos turísticos, así como melloras de accesibilidade ou sinalización*
- *O Goberno galego case triplicou o investimento inicial desta liña de axudas, que pasou dos 1,2 millóns iniciais aos 3,1 millóns de euros.*

A Xunta acometeu en 2020 actuacións de mellora sobre as infraestruturas turísticas no medio rural que supuxeron un investimento por parte da Administración autonómica de preto de 3,1 millóns de euros e que permitiron levar adiante 135 actuacións de sinalización, accesibilidade ou embelecemento de recursos turísticos.

Así o recolle o informe presentado hoxe no Consello da Xunta, no que se dá conta dos resultados desta liña de actuación, que permitiu que as entidades locais beneficiarias acometeran traballos de recuperación, accesibilidade ou sinalización dos seus recursos turísticos. A cooperación entre administracións públicas permitiu así mobilizar recursos por importe de 6,8 millóns de euros no ámbito rural das catro provincias galegas, dos que o 65% correspondeu ao investimento da Xunta.

A convocatoria destas axudas permitiu levar adiante actuacións de embelecemento de bens declarados de interese cultural (BIC), da súa contorna ou traballos de sinalización ou mellora da accesibilidade dos accesos a diferentes recursos turísticos do rural.

En total, leváronse adiante 135 convenios con outras tantas entidades locais. O crédito inicial destinado a esta subvención foi de 1,2 millóns de euros, que a Xunta case triplicou ata chegar aos 3,1 millóns de euros finais para atender todas as solicitudes que cumpriran os requisitos establecidos.

Actuacións maioritarias

Por tipoloxía de actuacións que se financiaron, o embelecemento dos accesos a recursos turísticos foi a que agrupou o maior número de proxectos (71), seguido de proxectos de sinalización (33); posta en valor turístico dos recursos (15); embelecemento de BICs (8) e melloras de accesibilidade (8).

A Coruña foi a provincia que reuniu o maior número de proxectos, 41, cun investimento de 1,4 millóns de euros, dos que Turismo de Galicia achegou 886.000 euros, seguido da provincia de Lugo, cuxos 37 proxectos tamén supuxeron un investimento de 1,4 millóns de euros, dos que Turismo de Galicia achegou case 858.000. Na provincia de Ourense executáronse 35 proxectos cun investimento de 1,3 millóns de euros e unha achega autonómica de 837.000 euros e, finalmente,



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Pontevedra, con 22 proxectos, que supuxeron un investimento de case 860.000 euros, dos que Turismo de Galicia achegou 534.000.

A través desta liña de axudas recorrente, a Xunta subvencionou nos últimos catro anos un total de 474 proxectos de mellora das infraestruturas turísticas no rural galego que supuxeron un investimento total de case 15 millóns de euros co obxectivo de poñer en valor os recursos turísticos do conxunto do noso territorio.



GALICIA AVANZA O PRIMEIRO PASO DA TRAMITACIÓN PARA CONTAR CUNHA LEI DE ARQUITECTURA PROPIA

- *O Consello da Xunta autoriza o inicio do período de consultas previas da futura normativa específica nesta materia*
- *Trátase dunha disciplina que é de interese público e que incide directamente na innovación, a sustentabilidade, o progreso e a cohesión social*
- *A arquitectura debe responder en cada intervención a ese amplo abano de intereses e expectativas, que en ocasións as normas sectoriais non sempre acompañan ao impoñer unha rixidez debido a súa visión parcial*

A Comunidade galega dá o primeiro paso para que Galicia conte coa primeira Lei de Arquitectura. O Consello da Xunta na súa reunión desta mañá aprobou o proxecto de decreto polo que se autoriza iniciar o período de consulta previa sobre esta futura norma, coa que a rexión se equipara a outras comunidades españolas que xa contan con normativa na materia, como é o caso de Cataluña e Extremadura.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda inicia a tramitación normativa ao amparo da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das Administracións públicas (LPACAP), que establece a necesidade de solicitar, con carácter previo á elaboración dunha norma, a opinión de cidadáns e empresas acerca dos problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.

A arquitectura é unha disciplina de interese público, de dualidade cultural e económica que incide directamente na innovación, a sustentabilidade, o progreso e a cohesión social e que se sustenta fundamentalmente nun complexo tecido de profesionais e medianas e pequenas empresas locais.

É tamén unha manifestación cultural e un factor esencial e constitutivo da identidade de Galicia, é un fenómeno cultural e unha garantía de habitabilidade e de calidade e benestar para as persoas, un patrimonio e un referente artístico e técnico e un instrumento indispensable para a conformación da calidade de vida.

A creación do entorno construído expresa as relacións de convivencia, produtivas e políticas dunha sociedade; polo que a arquitectura debe responder en cada intervención a ese amplo abano de intereses e expectativas, que en ocasións as normas sectoriais non sempre acompañan ao impoñer unha rixidez debido a súa visión parcial.

Así, os obxectivos principais desta nova normativa son establecer as directrices a considerar na contratación pública respecto dos servizos ligados á arquitectura; definir



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

as titulacións profesionais competentes, para potenciar a seguridade xurídica e reducir a conflictividade competencial na contratación pública e privada e a tramitación de autorizacións, licencias e comunicacións previas de obras; procurar unha simplificación da normativa e a axilización de trámites; fomentar o ensino, a divulgación e a sensibilización, especialmente entre os máis novos, sobre a arquitectura como ben e actividade de interese xeral e social.

Tamén se creará o Consello da Arquitectura de Galicia, con representantes dos colexios profesionais e institucións de ensino, as artes e as empresas, con funcións de asesoramento, seguimento, proposta e comunicación.

Coa elaboración desta lei preténdese posicionar esta disciplina no ordenamento xurídico, dando resposta ao interese público e social que o demanda, co fin de que se integre nos plans, programas e proxectos que afecten ao medio construído.

Asemade, a elaboración desta lei ofrece unha resposta á demanda das institucións europeas que instan aos estados membros a implantar as políticas de sensibilización e recoñecemento da arquitectura, salientando o seu interese público polo seu impacto na identidades cultural e no progreso económico ao propiciar a innovación e a sustentabilidade.

En definitiva, a arquitectura é un ben de interese xeral que os poderes públicos están obrigados a preservar, difundir e fomentar, procurando o máis alto nivel posible de calidade en todas as súas realizacións, promovendo o enraizamento social desta disciplina e a formación dos cidadáns nos seus valores.





A XUNTA RESOLVERÁ ANTES DE FINAL DE ANO AS CASE 6.000 SOLICITUDES RECIBIDAS PARA AS AXUDAS DIRECTAS AOS SECTORES AGROALIMENTARIOS MÁIS AFECTADOS POLA COVID-19

- *A meirande parte das solicitudes de achegas, un total de 5.611, corresponden ao sector bovino que recibirá unha media de 1.400 euros por explotación*
- *Isto suporá que as axudas estarán resoltas en apenas dous meses desde a súa publicación no Diario Oficial de Galicia*
- *Medio Rural convocou un total de 18 millóns en achegas para os produtores de planta ornamental, flor cortada, vacún de carne e viño, en cumprimento do seu Plan de reactivación e dinamización fronte aos efectos da covid-19*
- *A maiores, en 2021 prevé convocar outros seis millóns no marco do instrumento financeiro para as industrias agroalimentarias, no caso de que sexa preciso pola situación do coronavirus*

A Xunta resolverá antes de final de ano as case 6.000 solicitudes recibidas para as axudas directas aos sectores agroalimentarios máis afectados pola covid-19, o que suporá que estarán resoltas en apenas dous meses desde a súa publicación no Diario Oficial de Galicia (DOG). A meirande parte das solicitudes de achegas, un total de 5.611, corresponden ao sector bovino, que recibirá unha media de 1.400 euros por explotación.

Así o recolle o informe analizado hoxe polo Consello da Xunta, onde se dá conta dos 18 millóns de euros en achegas convocadas para axudar aos produtores de planta ornamental, flor cortada, vacún de carne e viño, dando cumprimento ao Plan de reactivación e dinamización da Consellería do Medio Rural fronte aos efectos da covid-19. A maiores, en 2021 prevese convocar outros seis millóns no marco do instrumento financeiro para as industrias agroalimentarias, no caso de que sexa preciso pola situación do coronavirus.

Así, este luns 30 de novembro vén de rematar o prazo para solicitar as axudas directas concibidas para os sectores da planta ornamental, da flor cortada e do vacún de carne. Ao abeiro desta convocatoria, a Xunta repartirá un total de 12 millóns de euros, tres para os produtores de planta e flor e nove para os do sector bovino. A meirande parte das solicitudes recibidas, un total de 5.611, correspóndense con explotacións de carne, mentres 133 proceden dos produtores de flor e planta. O Goberno galego terá resoltas todas estas solicitudes antes de final de ano -en apenas dous meses desde a súa convocatoria o 29 de outubro- co obxectivo de axilizar os pagamentos o máximo posible.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Mentres, poden solicitarse aínda -ata o 21 deste mes de decembro- os chamados préstamos vendima, para os que a Xunta habilita seis millóns de euros co obxectivo de garantir que as bodegas poidan mercar toda a uva desta campaña a prezos de mercado. A Consellería do Medio Rural prevé mobilizar ata 37,5 millóns de euros ao abeiro destes empréstimos na presente convocatoria, aos que habería que sumar outros 37,5 millóns mobilizados o ano vindeiro, de convocarse unha nova orde de axudas doutros seis millóns de euros no caso de que fose preciso pola evolución do coronavirus. Neste caso, a Xunta financia a garantía co fin de cubrir posibles impagos.

Cómpre destacar que a selección dos sectores beneficiarios destas axudas se fixo de xeito consensuado cos integrantes do Consello Agrario, no que están representadas as organizacións profesionais agrarias. Así, tivéronse en conta criterios obxectivos sobre perdas constatables que poden supoñer un risco para a súa continuidade empresarial.

No caso da planta e a flor, cabe salientar que foi case o único eido agrario con todas as súas canles de comercialización ordinarias pechadas durante a maior parte do estado de alarma, entre o 14 de marzo e o 21 de xuño. Así, careceron de ingresos na primavera soportando non só os seus gastos habituais, senón tamén os derivados da xestión de moita produción vexetal perecedeira. A maiores, cómpre mencionar as limitacións de mobilidade no territorio galego, así como as de aforo nos cemiterios, fixadas durante a festividade de Todos os Santos e Defuntos.

Canto ao vacún de carne, sufriu unha redución das vendas pola substitución do seu consumo, moito máis no caso das pezas de calidade, por outros tipos de carnes. Ademais, gran parte da súa comercialización está ligada ao turismo, moi reducido pola crise, e á canle Horeca, pechada durante gran parte do estado de alarma e aínda con restricións. En relación ao viño, a diminución das súas vendas tamén foi ocasionada principalmente polas afeccións á hostalaría e á restauración.